

# “A historia da Europa Decolonial e da Europa dos pobos sen Estado”

A Coruña, 19 e 20 de Febreiro de 2016  
Paraninfo da Universidade da Coruña

Este encontro constitúe un esforzo para establecer pontes políticas comúns entre a Europa dos pobos sen estados e a Europa dos pobos racializados derivados da historia colonial. A xenealoxía histórica entre estas dúas Europas é distinta. Unha ven da historia do colonialismo interno (nacións sen estado) e outra da historia do colonialismo externo (cidadanía racializada). O feito de que hogano haxa poboación europea da historia colonial, fai que a distinción entre colonialismo externo e interno colapse.

O que os une actualmente é que estas poboacións son hoxe en día cidadanía de segunda clase dentro de Europa, discriminada por razóns étnicas (linguas, culturas, identidades, etc.) e/ou por razóns raciais. A Europa das nacións sen estado en xeral sofre discriminación étnica, mentres que a Europa dos suxeitos racializados da historia colonial sofre fundamentalmente discriminación racial. Isto non nega momentos de discriminación racial cara a algunhas nacións sen estado e momentos de discriminación étnica cara aos pobos racializados. A realidade é que en moitos casos o que se esconde detrás da discriminación étnica ou nacional é discriminación racial. O feito de que estas poboacións sexan discriminadas na actualidade nos seus dereitos cidadáns e comunitarios pola ficción do estado-nación, constitúe un punto común que une as loitas pola soberanía das nacións sen estado e as loitas pola liberación dos grupos racializados. A discriminación colonial contra as nacións sen estados e a cidadanía racialmente discriminada segue viva a través da institucionalidade do estado-nación imperial, malia non existir xa en case ningunha parte administracions coloniais.

A dominación dunha nación sobre outra ou dunha raza sobre outras, segue vixente non soamente nas relacións de Europa co resto do mundo senón ao interior do propio territorio europeo. Isto fai que o proxecto de descolonizar Europa sexa un asunto aínda inconcluso. A loita pola soberanía, o dereito á autodeterminación e a liberación descolonial seguen vivos na Europa hoxe. De aí a importancia dun diálogo político entre as cidadás e cidadáns europeos que sofren hoxe en día cidadanías de segunda clase.

## PROGRAMA:

### Venres 19 de febreiro de 2016

18:00 h.- Recepción dos/as participantes e apertura das xornadas por **Lidia Senra Rodríguez**, Deputada no Parlamento Europeo pola Alternativa Galega de Esquerda en Europa e membro do Grupo Parlamentario da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL).

### 18:30 a 21:30 h.- “Unha visión decolonial para unha Europa dos pobos”

- **Xosé Manuel Beiras** (Portavoz de AGE no Parlamento Galego)
- **Houria Bouteldja** (Parti des Indigènes de la République-PIR, Francia)
- **Anna Gabriel Sabaté** (Deputada da CUP no Parlamento de Catalunya)
- **Lidia Senra Rodríguez** (Eurodeputada do GUE/NGL)

Moderador: **Ramón Grosfoguel** (Europa Decolonial)



## Sábado 20 de febrero de 2016

### 9:00 a 11:30h.- *O problema do Estado-Nación como institucionalidade de autoridade política e como ficción identitaria no marco europeo*

- **Quim Arrufat** (Membro das CUP)
- **Néstor Salvador** (Membro do Sindicato Andaluz de Traballadores/as e do Grupo de Estudos Campesinos Juan Díaz del Moral)
- **Helena Miguélez-Carballeira** (Profesora Universidade de Bangor, Gales)
- **Helios F. Garcés** (Redactor da 'Guía de recursos contra o antixitanismo')
- **Xosé Ramón Cendán** (Sindicato Labrego Galego)

Moderadora: **Lidia Senra Rodríguez** (Eurodeputada do GUE/NGL).

A idea desta mesa é discutir a estrutura do estado-nación como mecanismo de dominación cara ás nacións sen estado e cara aos e ás cidadás racializadas. Trátase de discutir o estado-nación como problema e pensar noutras formas de organización institucional da autoridade política máis aló do estado-nación como estrutura que produciu discriminación cara a cidadanía das nacións sen estado e dos pobos racializados. Un tema para discutir é o asunto das formas de estados para sociedades plurinacionais como alternativas ao concepto de estado-nación. Que institucionalidade estatal propoñerían os nacionalismos de esquerda e os movementos descoloniais de Europa máis aló do estado-nación?

11:30 a 12:00 h.-Descanso.

### 12:00 a 14:30 h.- *A interseccionalidade das opresións como problema para pensar os procesos de liberación e os nacionalismos na Europa do século XXI.*

- **Daniela Ortiz** (Artista e activista visual y líder do Espazo do Inmigrante no Raval)
- **Ana Martínez Serrano** (Membro do Sindicato Andaluz de Traballadores/as e do Grupo de Estudos Campesinos Juan Díaz del Moral)
- **Begoña Dorrnsoro** (Investigadora no Centro de Estudos Sociais da Universidade de Coimbra)
- **Josep María Navarro Cantero** (Membro de Decolonialidad de Catalunya)
- **Margarita López Barreiro** (Activista feminista e Concelleira en Vigo pola Marea de Vigo)
- **Moncho Boán** (Responsable de Relacións Internacionais da CIG)

Moderadora: **Rocío Fraga Sáenz** (Concelleira de Igualdade e Diversidade no Concello da Coruña pola Marea Atlántica).

A idea desta mesa é mirar criticamente os procesos de liberación e anticoloniais do século XX para pensar os procesos de liberación descoloniais e de emancipación nacional do século XXI. Trátase de non repetir os nacionalismos patriarcais, clasistas e racistas do século XX e producir nacionalismos emancipadores e proxectos descoloniais de liberación máis aló das opresións de clase, xénero, raza e sexualidade.

14:00 h.-Fin da xornada de mañá.



16:00 a 18:30 h.-**As Epistemoloxías do Sur: Pensar dende o Sur, para o Sur e co Sur na Europa Actual.**

- **Dew Baboeram** (Decoloniaality Europe-Holanda)
- **Montse Galcerán Huguet** (Profesora Filosofía, Universidad Complutense de Madrid)
- **Javier García Fernández** (Membro do Sindicato Andaluz de Traballadores/as e do Grupo de Estudos Campesinos Juan Díaz del Moral)
- **Zesar Martínez García** (Profesor de Socioloxía, Universidade do País Basco)
- **Jurjo Torres Santomé** (Catedrático de Universidade de Didáctica e Organización Escolar, Universidade da Coruña)

Moderadora:**Sandra Pesqueira Pérez** (Concelleira e portavoz da Marea de Marín).

A idea desta mesa é discutir o que significa producir un pensamento crítico desde o Sur. Se o Sur non é un espazo xeográfico, senón unha localización en relacións de dominación colonial e neocolonial, existe un Sur dentro do Norte. Trátase de producir un pensamento crítico desde o Sur, é dicir, desde as nacións sen estado e desde a cidadanía racializada provinte da historia colonial. A idea é buscar políticas e formas institucionais de organizar isto.

18:30 a 19:00 h.-Descanso.

19:00 a 21:00 h.- **“Unha epistemología do Sur para unha Europa Decolonial”**

- **Boaventura de Sousa Santos**: (Catedrático de Socioloxía pola Universidade de Coimbra e profesor de Dereito na Universidade de Wisconsin-Madison, Estados Unidos).

**Organiza:** *Grupo Esquerda Unitaria Europea-Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL) e Alternativa Galega de Esquerda en Europa.*

**Colabora:** *Decoloniaality Europe.* Rede de académicos/as e intelectuais decoloniais europeos/as que busca xerar pensamento crítico sobre a hexemonía política e intelectual de Occidente, e buscar alternativas epistemolóxicas e políticas na decolonización do pensamento científico.



## PERFÍS DAS PERSOAS PARTICIPANTES NESTE PROGRAMA:

### Lidia Senra Rodríguez.

Naceu en Cereixa, Pobra do Brollón en 1958; cando ela ten un ano de idade, a súa nai e seu pai instálanse como labregos na casa paterna en Chavaga, onde se cría. Estuda o bacharelato no IES Río Cabe e nos últimos cursos entra en contacto co nacionalismo galego e implícase activamente na loita labrega, formando parte dos Comités de Axuda á Loita Labrega (CALL) e das Comisións Labregas. No ano 1976 afíliase a ANPG (Asamblea Nacional Popular Galega). De 1989 a 2007 exerceu como Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego. A principios dos anos 90, foi unha das promotoras da creación da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, como instrumento para defender axeitadamente os dereitos das labregas e para contribuir a facer avanzar o feminismo no medio rural.

Foi membro da Executiva da Coordinadora Labrega Europea (CPE) e como membro desta Coordinadora participou en Mons-Bélxica na constitución da Vía Campesina Internacional. Ademais, ao longo da súa vida participou activamente en diversos encontros internacionais e foros sociais representando a Vía Campesina, movemento internacional que agrupa a millóns de labregas e labregos de 70 países de África, Asia, Europa e América.

Do 2004 ao 2014, formou parte da Comisión Internacional de Mulleres da Vía Campesina en representación de Europa.

Profesionalmente é labrega e dende Maio de 2014 é deputada pola Alternativa Galega de Esquerda en Europa no Parlamento Europeo.

### Xosé Manuel Beiras Torrado.

(Compostela, 1936). É unha figura clave na Galiza contemporánea, tanto pola súa faceta de economista –como catedrático de Estrutura Económica da USC– como pola de político, intelectual e referente social.

É autor de ensaios fundamentais do pensamento político-económico galego, como *Por unha Galiza liberada* e *O atraso económico da Galiza*. Excelente articulista e orador, é recoñecido como un dos intelectuais con maior lucidez á hora de interpretar o noso mundo. Destacou tamén como activista e membro do Consello Internacional do FSM (Foro Social Mundial) representando á CONSEU (Conferencia de Nacións sen Estado de Europa).

No eido político foi cofundador do PSG en 1963 e do BNG en 1982. Posteriormente liderou o Encontro Irmandiño e estivo á fronte do agromar de Anova-Irmandade Nacionalista en xullo de 2012, partido dende o que axudou a promover novos espazos políticos de unidade popular en Galiza moi exitosos electoralmente, como AGE, AGEe, mareas municipalistas e En Marea.

### **Ramón Grosfoguel.**

É profesor no Departamento de Estudos Étnicos da Universidade de California en Berkeley. É membro fundador da Europa Descolonial e organizador das escolas de verán Decolonizing Knowledge and Power (Barcelona) e Critical Muslim Studies (Granada).

### **Houria Bouteldja.**

Houria Bouteldja é unha activista política franco-arxelina. É a portavoz do Partido dos Indíxenas da República (PIR, Francia) e autora do libro *Les Blancs, Les Juifs et Nous* (La Fabrique).

### **Anna Gabriel Sabaté.**

(Sallent de Llobregat, 1975). É educadora social, profesora de dereito, activista social e política. Dende outubro de 2015 é deputada no Parlamento de Cataluña pola Candidatura d'Unitat popular (CUP). Milita nesta formación dende o 2002. É membro de Endavant e pertence ao equipo fundador do colectivo Terra i Llibertat. Entre o 2003 e o 2011 foi concelleira en Sallent. De 2013 a 2015 foi coordinadora técnica do Grupo CUP-EA no Parlamento de Cataluña.

### **Quim Arrufat.**

(1982. Seo de Urgel, Lérida). Licenciado en Ciencias Políticas pola Universidade Autónoma de Barcelona, desde o 2009 traballa para o Centro Internacional Escarré para as Minorías Étnicas e Nacionais (CIEMEN), onde dirixe a Área de Relacións Internacionais e Cooperación. Membro activo no Foro Social Mundial, presentou varias iniciativas ao Consello de Dereitos Humanos da ONU, co obxectivo de avanzar no dereito dos pobos á autodeterminación. Entre 2009 e 2012 foi concelleiro da CUP en Vilanova e Geltrú. No 2012 presentouse coa CUP en terceiro lugar por Barcelona, sendo elixido deputado tras as eleccións catalanas. Xa aberta a lexislatura, converteuse en portavoz do Grupo Mixto.

### **Néstor Salvador.**

Nacido en Granada, historiador e membro da CUT e da dirección nacional do Sindicato Andaluz de Traballadores/as. É tamén membro do Grupo de Estudos Campesinos Juan Díaz del Moral. Licenciado en Historia pola Universidade de Granada, actualmente está realizando a súa Tese Doutoral no Departamento de Historia contemporánea na mesma Universidade sobre a democratización do mundo rural andaluz e o movemento agrario.

### **Helena Miguélez-Carballeira.**

Estudou Filoloxía Inglesa na Universidade de Vigo, Máster en Estudos de Tradución en Edimburgo, doutorada en Estudos Hispánicos. Foi profesora asociada no departamento de Estudos Hispánicos da Universidade de Aberdeen (2004) e en 2005 gañou a praza de profesora titular de Estudos Hispánicos no departamento de Linguas Modernas da Universidade de Bangor. É directora do Centro de Estudos Galegos en Gales. Editora-fundadora da revista *Galicja 21: Journal of Contemporary Galician Studies*, ten publicado traballos nas revistas *The Translator*, *Bulletin of Hispanic Studies*, *Translation Studies*, *Grial*, *Bulletin of Hispanic Studies*, *The Translator*.



No seu recente libro *Galicia, a sentimental nation* realiza un achegamento á identidade galega desde as teorías decolonial e de xénero. A vinculación destas desde termos pexorativos relacionados coa feminidade, a procura a través disto dunha sumisión, e, sobre todo, a desvinculación dos termos identitarios do campo do político son algúns dos temas que centran a súa obra.

#### **Helios F. Garcés.**

Forma parte dun grupo de xitanas e xitanos do Estado español que analizan a historia e o presente de opresión que sofre o pobo xitano dende unha óptica decolonial. Defenden que o pobo xitano, como grupo humano racializado sen estado máis numeroso e antigo no interior de Europa, coa súa experiencia de colonialidade interna dende 1499 no Estado español, ten moito que aportar e moito do que enriquecerse neste contexto de emerxencia de voces que claman pola descolonización de Europa. O grupo ten como obxectivo converterse nunha plataforma de estudos sociais e culturais ademais de nun resorte de presión política dende os movementos sociais e a esquerda descolonizada. Helios F. Garcés é ademais redactor da 'Guía de recursos contra el antigitanismo'.

#### **Xosé Ramón Cendán.**

Traballa para o Sindicato Labrego Galego (SLG) dende 1977, case tres décadas nas que ocupou todo tipo de responsabilidades -dende comunicación a relacións institucionais- combinadas sempre co traballo de base. Actualmente, leva varios anos centrado no eido das relacións internacionais.

#### **Rocío Fraga.**

(1976. A Coruña). É a actual concelleira de Igualdade e Diversidade da Coruña, despois de En Marea ser a candidatura máis votada nas eleccións municipais do 2015. Licenciada en Socioloxía pola UDC, experta en Acción Participativa, Igualdade e Emprego. A súa traxectoria laboral sempre estivo vinculada maioritariamente ao terceiro sector. Ten participado en diferentes movementos sociais, desde o ecoloxismo e estudiantil ao feminismo e espazos autoxestionados.

#### **Daniela Ortiz.**

(1985, Cuzco). Artista peruana afincada en Barcelona, activista visual e líder do Espazo do Inmigrante no Raval. Na súa obra artística reflexiona a cotío sobre temas relacionados coa inmigración, a nacionalidade ou o xénero. A súa última exposición tomou como escenario o Arts Santa Mònica. A mostra *Públic Objectiu*, realizada para o ciclo Trets enmig del concert, que comisaría Cèlia del Diego, amosa as vergoñas do xornalismo cando de inmigración se trata.

#### **Ana Martínez Serrano.**

Nacida en Jaen, estudou Dereito na Universidade desa cidade e forma parte da dirección nacional do Sindicato Andaluz de Trabaldoras/es, onde ocupa a Secretaría da Muller. Ten sido tamén voceira da Área de Mocidade e forma parte do Grupo de Estudos Campesinos Juan Díaz del Moral.

**Begoña Dorronsoro.**

Doutoranda en “Pós-Colonialismos e Cidadanía Global” no CES Centro de Estudos Sociais da Universidade de Coímbra, Portugal. Bióloga de formación, especializada en pobos indíxenas e xénero. Traballou dez anos en ONGs vascas con contrapartes indíxenas de Bolivia, Colombia e Guatemala. Realizou o Máster Universitario en Estudos Feministas e de Xénero, na Universidade do País Vasco, onde presentou a investigación “Contextualizando a descolonización do feminismo dende a perspectiva indíxena. Unha mirada múltiple” (2009).

**Josep Maria Navarro Cantero.**

Antropólogo, cooperativista e profesor de interculturalidade na Universitat de Barcelona. Militante internacionalista, membro de Sodepau e do grupo de traballo de Decolonialidad de Catalunya.

**Margarida López Barreiro.**

Traballadora eventual no Servizo Galego de Saúde ( SERGAS ).

Compoñente da Marcha Mundial das Mulleres (Feminista).

Militante do BNG ata a asemblea de Amio e militante de ANOVA dende o seu nacemento. Neste momento, aínda, compoñente da Comisión Permanente e responsábel nacional na área de Acción Feminista. Activista e concelleira en Vigo, polo grupo municipal, Marea de Vigo.

**Moncho Boán.**

Secretario de Relacións Internacionais da Confederación Intersindical Galega (CIG).

**Dew Baboeram.**

Sandew Hira, seudónimo de Dew Baboeram, é director do Instituto de Investigacións Científicas na Haya (IISR) e membro de Decoloniality Europe-Holanda. Dito Instituto está inserido nos movementos sociais contra o racismo e pola descolonización dos Países Baixos e do Caribe. Realiza análises dos problemas que enfrontan os movementos sociais e ofrece ideas para a estratexia, táctica, organización e mobilización, que son publicadas no seu web e no seu boletín de noticias.

**Montse Galcerán Huguet.**

(1946, Barcelona). Catedrática de Filosofía na Universidade Complutense de Madrid. Activista, membro de Ganemos Madrid, resultou elixida concelleira pola candidatura Ahora Madrid nas eleccións municipais do 2015. Está á fronte da concellería-presidencia dos distritos de Moncloa-Aravaca e de Tetuán. Entre os seus libros destacan *Silencio y olvido; el pensar de Heidegger durante los años treinta* (Editorial Hiru) e *Deseo y libertad. Una investigación sobre los presupuestos de la acción colectiva* (Traficante de sueños).

**Javier García Fernández.**

Nacido en Almería, historiador e militante da CUT e do Sindicato Andaluz de Traballadores/as. É membro do Grupo de Estudos Campesinos Juan Díaz del Moral, e membro do Instituto de Socioloxía e Estudos Campesiños da Universidade de Córdoba. É doutor do Centro de Estudos Sociais da Universidade de Coímbra, onde traballa cuestións relacionadas co movemento campesino andaluz, o colonialismo interno, as loitas agrarias e movementos sociais rurais pola soberanía alimentaria a nivel mundial.

### **Zesar Martínez García.**

É sociólogo e investigador activista. Profesor de Socioloxía na Universidade do País Vasco, onde forma parte do Grupo de investigación en democracias participativas Parte Hartuz e do Instituto Hegoa de Cooperación e Desenvolvemento. O seu campo de traballo sempre foi, entre outros, as democracias participativas, os cambios sociais, os movementos sociais, así como o acompañamento a procesos de mobilización social.

### **Jurjo Torres Santomé.**

Catedrático de Didáctica e Organización Escolar na Universidade da Coruña. Profesor visitante na Universidade de Wisconsin-Madison e doutras universidades europeas e latinoamericanas. É un profesional crítico comprometido coa transformación da realidade, y máis en concreto coa mellora da educación. Entre as súas publicacións, destacan: *Globalisms and Power* (2012); *La justicia curricular. El Caballo de Troya de la cultura escolar* (2011); *Multiculturalismo Anti-Racista* (2008); *La desmotivación del profesorado* (2009, 2ª edic.); *Educación en tiempos de neoliberalismo* (2007, 2ª edic.). Na actualidade dirixe o departamento de Pedagogía e Didáctica da Universidade da Coruña e coordina do Grupo de Investigación en Innovacións Educativas (GIE-G000260) da UDC.

### **Sandra Pesqueira Pérez.**

(Marín, 1973). Diplomada en Turismo (Universidade A Coruña) , Mestrado en Profesorado (Universidade de Vigo) Mestrado en Empresas e Actividades Turísticas (USC). Traballou en Empresas do sector turístico e na actualidade adícase á docencia non regrada. Concelleira e portavoz da Marea Marín, pertence á Permanente e a Coordinadora Nacional de Anova. Vinculada ao movemento asociativo e en especial a aquel relacionado coa lingua e cultura galegas (Queremos Galego Marín).

### **Boaventura de Sousa Santos.**

Boaventura de Sousa Santos é Catedrático Emérito da Facultade de Economía da Universidade de Coimbra, así como *Distinguished Legal Scholar* da Facultade de Dereito da Universidade de Wisconsin-Madison e *Global Legal Scholar* da Universidade de Warwick. É igualmente Director do Centro de Estudos Sociais da Universidade de Coimbra, e Coordinador Científico do Observatorio Permanente da Justiza Portuguesa.

Dirixe actualmente o proxecto de investigación ALICE - Espellos estraños, leccións imprevistas: definindo para Europa un novo modo de compartir as experiencias no mundo, un proxecto financiado polo Consello Europeo de Investigación (ERC), un dos máis prestixiosos e competitivos financiamentos internacionais para a investigación científica de excelencia no espazo europeo.

É, así mesmo, co-coordenador científico dos Programas de Doutoramento: *Human Rights in Contemporary Societies*; Democracia no Século XXI; e Pós-Colonialismos e Cidadanía Global.